

Rúbrica: intervención oral

	Excelente (4)	Satisfactorio (3)	Mellorable (2)	Insuficiente (1)
Participación	Participa activamente, compartindo ideas de maneira clara.	Participa pero as súas intervencións son pouco frecuentes.	Participa cando se lle pregunta.	Non participa.
Uso da linguaxe respectuosa coas diferenzas	O discurso é totalmente libre de estereotipos, prexuízos e expresións discriminatorias.	O discurso ten expresións ou actitudes esporádicas que poden percibirse como discriminatorias.	O discurso presenta expresións discriminatorias ou insensibles de forma significativa.	O discurso é abertamente discriminatorio ou contén estereotipos danosos.
Aportacións axeitadas e construtivas	As aportacións son sempre relevantes, respectuosas e enriquecen o tema.	As aportacións son na súa maioría axeitadas, pero algunhas son pouco relevantes ou superficiais.	As aportacións son na súa maioría irrelevantes ou non contribúen de maneira significativa ao tema.	As aportacións son inapropiadas, desinformadas ou despectivas.
Respecto pola quenda de palabra	Respecta sempre a quenda de palabra.	Interrompe ocasionalmente ou non respecta totalmente a quenda de palabra.	Interrompe con frecuencia.	Monopoliza a conversa.
Respecto polas intervencións dos demais	Escoita activamente e valora as aportacións dos demais.	Escoita, pero en ocasións interrompe ou non amosa un respecto total polas intervencións alleas.	Non escoita activamente e amosa falta de respecto polas intervencións dos demais.	Interrompe constantemente, descalifica ou ignora as intervencións dos demais.
Uso do rexistro axeitado	O rexistro lingüístico é totalmente axeitado para o contexto.	O rexistro é axeitado, pero algúns termos ou o ton non o son.	O rexistro é inaxeitado para o contexto, dificultando a comprensión.	O rexistro é totalmente inaxeitado.



“Rúbrica intervención oral”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)